

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable Os datos persoais recollidos serán responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC – Secretaría Xeral, R/Maestranza 9, 15001, A Coruña; teléfono 981167000; correo electrónico rpd@udc.gal), en cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Finalidade *(Describir aquí os fins para os que se solicitan os datos persoais).* Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais. *(Sería recomendable precisar se os datos son destruídos nun determinado prazo ou segundo determinados criterios).*

Lexitimación Vostede consente expresamente no citado tratamento de datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 RXPd.

Destinatarios *(Determinar aquí se está prevista a cesión dos datos a terceiros, ou se son realizadas transferencias internacionais de datos).*

Dereitos

As persoas interesadas terán dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. No caso de que a base de lexitimación sea o consentimento da persoa interesada, terá dereito a revogado en calquera momento. Tamén terán dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís. Estes dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado de Outros trámites;
- mediante unha solicitude ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 de A Coruña, ou no correo electrónico rpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante unha solicitude á/ao Delegada/o de Protección de Datos, no mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou no correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Nestes dous últimos supostos, a solicitude deberá estar asinada e virá acompañada dunha copia do DNI.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).